

A low-angle, close-up photograph of a person's legs and feet as they run across a lush green field. The person is wearing dark blue athletic shorts with a white stripe on the side and grey and blue running shoes. The background shows a rolling green hillside with a dense forest of trees under a bright blue sky with scattered white clouds.

Xogade

CAMPO A TRAVÉS

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da aplicación informática www.deporteescolargalego.com que se atopará dentro da páxina web: www.deportegalego.es.

A data de peche da inscrición dos equipos será o 4 de novembro de 2011.

2. PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición.

3. CATEGORÍA

Benxamín: Nados nos anos 2004-2003 masculino e feminino

Alevín: Nados nos anos 2002-2001 masculino e feminino

Infantil: Nados nos anos 2000-1999 masculino e feminino

Cadete: Nados nos anos 1998-1997 masculino e femenino

A participación da categoría benxamin finaliza no campionato provincial. Os alevíns, infantís e cadetes participarán ademais no campionato Galego organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

4. OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

5. ESCENARIO DAS PRÁCTICAS E HORARIO

Esta modalidade desenvolverase preferentemente en circuitos de campo a través (herba ou terra batida), en horario lectivo ou extraescolar.

6. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar na primeira fase co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie. Para as seguintes fases, as entidades clasificadas poderán formar os equipos seleccionando os seus atletas. Celébranse fases comarcais, unha fase intercomarcal (sempre que o servizo provincial así o determine segundo o número de inscritos nesta modalidade), unha fase provincial, e unha fase autonómica.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, excepto en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do servizo provincial correspondente.

A inscrición dos atletas participantes en cada competición farase antes do martes anterior a cada proba, excepto;

- nas fases provinciais e na fase autonómica, na que as inscricións dos equipos participantes deberán estar en posesión da organización antes das 20.00 h do xoves da semana anterior á celebración da proba.

7. DISTANCIAS MÁXIMAS PARA PERCORRER

CATEGORÍAS	LOCAL	ZONAL	PROVINCIAL	GALEGO
BENXAMÍN masculino e feminino	500 m	600 m	700 m	-----
ALEVÍN feminino	600 m	800 m	1.200 m	1.500 m
ALEVÍN masculino	800 m	1.200 m	1.600 m	2.000 m
INFANTIL feminino	800 m	1.200 m	1.600 m	2.000 m
INFANTIL masculino	1.200 m	1.800 m	2.000 m	2.500 m
CADETE feminino	1.200 m	1.800 m	2.500 m	3.000 m
CADETE masculino	2.500 m	3.500 m	4.000 m	5.000 m

*No caso de agrupar a fase local e zonal, recoméndase facer a distancia inferior ata o mes de decembro e a partir de xaneiro a superior.

8. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

9. CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- **Individual.** Segundo a orde de entrada na meta.
- **Por equipos.** A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Cada comité provincial organizara nas distintas comarcas e/o zonas a/as probas previas necesarias en cada caso para obter os clasificados que competirán no campionato provincial.

Agás na fase comarcal os equipos estarán formados por 6 atletas, como máximo, dos que puntuarán os 4 primeiros na categoría benxamín, alevín e infantil, e 3 na categoría cadete.

Os compoñentes de cada equipo en cada unha das fases para as que se clasifiquen, non terán que ser necesariamente os mesmos.

Para o Campionato Provincial clasificaranse aos 2 mellores equipos de cada fase zonal, así como os 8 primeiros atletas clasificados a nivel individual que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado.

Para o Campionato Galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 8 primeiros atletas clasificados individualmente que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado aos atletas que chegaran a partir do 8.º clasificado.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, ou nunha fase comarcal, previa proposta razoada da FGA, e debidamente documentada.

10. SELECCIÓN GALEGA DE PISTA E CROSS

Nas categorías de cadete haberá participación da selección galega en competicións nacionais. Para a selección galega cadete de cross clasificaranse os 5 primeiros/as atletas do galego escolar. O resto dos integrantes da selección de cross ou pista, confeccionarase á proposta da Federación Galega

de Atletismo en función dos resultados nos campionatos galegos e outros criterios fixados pola propia Federación Galega de Atletismo.

Unha vez publicada a selección, a Secretaría Xeral de Deportes fixará e comunicará os pormenores da viaxe (horarios de saídas, ruta que se vai seguir etc). Haberá un punto de saída oficial e un percorrido da expedición. Os clubs dos atletas prestarán a súa colaboración para situar aos seus deportistas no lugar mais preto do punto da saída ou do percorrido marcado.

11. DATAS

A competición de campo a través comenará a partir de novembro nas catro provincias.

Campionatos Provinciais:

Coruña: sábado 11 de febreiro de 2012

Lugo: domingo 12 de febreiro de 2012

Ourense: sábado 11 de febreiro de 2012

Pontevedra: venres 10 de febreiro de 2012

Campionato Galego: sábado 25 de febreiro de 2012

Campionato de España: 10 e 11 de marzo de 2012

12. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: www.deportegalego.es.